

Unidade 3: Cidadanía activa



Ciencias sociais- Lingua
6º de primaria

Qué imos aprender?

Nesta unidade imos aprender a coñecernos mellor como grupo e como cidadáns, entendendo que vivir en sociedade significa convivir, colaborar e **respectar as normas comúns**.

Analizaremos como se organiza a nosa comunidade, que **dereitos e deberes** temos como persoas e como alumnado, e que podemos facer para mellorar a convivencia no día a día.

A través de lecturas, debates e actividades prácticas aprenderemos tamén a escoitar, dialogar e resolver conflitos de forma pacífica, empregando unha linguaxe inclusiva, respectuosa e non violenta.

Cal vai ser o produto final?

O produto final desta unidade será a creación da nosa **CONSTITUCIÓN DA AULA DE 6º**, un documento no que quedarán recollidas as normas, dereitos e compromisos que todos e todas acordaremos para garantir o respecto, a igualdade e o bo ambiente no grupo.

Cada alumna e alumno asumirá o papel de representante cidadán, participando activamente na redacción das leis de convivencia.

Para facelo máis real, organizaremos un Pleno Constituínte no que defenderemos as nosas propostas antes da votación final.

Ademais, acordaremos que quen non respecte o pactado na Constitución perderá temporalmente certos dereitos de participación, do mesmo xeito que ocorre nas sociedades reais cando non se cumpren as normas.

Como se vai avaliar?

Avaliarase o progreso de cada alumno e alumna a través de:

- A súa **participación activa e responsable** nas actividades e debates.
- A capacidade para **escoitar, argumentar e dialogar** con respecto.
- A **calidade e coherencia** das propostas elaboradas para a Constitución.
- A **elaboración de textos orais e escritos** nos que expresen as súas ideas con claridade, orde e vocabulario adecuado.
- O **traballo cooperativo** e a actitude positiva cara á convivencia.
- Ao final faremos unha **proba competencial escrita**.

1. Vivimos en sociedade

As persoas necesitamos vivir en grupo. Ninguén pode cubrir por si só todas as súas necesidades: precisamos da axuda dos demais para aprender, traballar, coidar, producir e convivir. Por iso formamos parte dunha sociedade: un conxunto de persoas que comparten un territorio, unhas normas e unha cultura común.


Vivir en sociedade significa **participar, colaborar e respectar** as diferenzas, porque todas as persoas somos iguais en dereitos, pero diferentes en moitos aspectos: na lingua, nas crenzas, na orixe, na forma de pensar ou de sentir. Esa diversidade é unha riqueza que debemos coidar.

Nunha **sociedade democrática**, como a nosa, a convivencia baséase en tres principios fundamentais:

1. A **igualdade**: todas as persoas teñen os mesmos dereitos e deberes, sen distinción de sexo, lingua, cultura ou condición social.
2. A **liberdade**: cada persoa pode expresarse e tomar decisións, sempre que non limite a liberdade dos demais.
3. A **solidariedade**: implica axudar a quen o necesita e actuar pensando no ben común.

As **normas** e as **leis** axúdannos a convivir mellor. Non son un castigo, senón un acordo entre todos para garantir o respecto e o benestar.

A escola é un lugar perfecto para practicar a convivencia democrática, xa que aquí aprendemos a dialogar, a escoitar, a aceptar as diferenzas e a resolver os conflitos de forma pacífica.



ACTIVIDADE —“Sen normas, todo cambia” (na libreta)

1. Imaxina que un día no colexio desaparecen todas as normas.



- Que está pasando nesta escena?
- Como se senten as persoas que aparecen?
- Que consecuencias pode ter que ninguén cumpra ningunha norma?
- Que cousas boas e malas tería vivir sen regras?
- Quen debería decidir as normas nunha sociedade ou nunha aula?

2. Escribide unha pequena historia titulada “O día que desapareceu a orde”, onde se vexan as consecuencias de vivir sen regras. Recordade que as historias teñen principio, nó e desenlace.

Lede as historias en voz alta e reflexionade:

- Por que precisamos normas?
- Quen as debe crear?
- Que pasa se alguén non as cumpre?

2. As normas e as leis

Para convivir ben, unha sociedade precisa **normas** que guíen o comportamento das persoas.

As normas poden ser **informais**, como dar os bos días, facer quenda para falar, ou **formais**, que son aquelas que están escritas e que todos debemos cumprir.

Cando unha norma está recollida por escrito e é obrigatoria para toda a cidadanía, convértese nunha **lei**.

As leis serven para **protexer os dereitos** das persoas e garantir que todas teñan as mesmas oportunidades.

Por exemplo, a lei obríganos a respectar o medio ambiente, a asistir á escola ou a non facer dano aos demais.

Tamén existen leis que defenden a **igualdade entre homes e mulleres**, prohiben a discriminación e fomentan a convivencia pacífica.

As normas e leis non as impón unha soa persoa, senón que se **acordan democraticamente**.

Nunha democracia, todos podemos participar de forma directa ou indirecta:

- **Directa**, cando decidimos en grupo (como na aula).
- **Indirecta**, cando eliximos representantes que deciden en nome da cidadanía (como no goberno).



Actividade — “Clasificamos as normas” (na libreta)

1. **Escribide exemplos de normas da vosa vida diaria (familia, escola, pobo, país...).**

2. **En grupos, clasifícadeas en dúas columnas:**

Normas sociais ou de convivencia (non están escritas pero todos as seguimos).

Leis oficiais (están escritas e son obrigatorias).

3. **Reflexionade (oral):**

- Que pasaría se non existisen leis?
- Todas as normas son xustas? Que pasa se unha norma non é boa para todos?



3. As normas e as leis

As **normas** son regras que nos indican o que podemos facer e o que non, para que todas as persoas poidamos convivir en harmonía.

Sen normas, sería imposible organizar unha sociedade: cada un faría o que quixera e acabaríamos en conflito continuo.

Hai normas en todos os ámbitos da nosa vida:

- Na casa (recoller, respectar horarios, axudar nas tarefas).
- Na escola (escoitar, colaborar, coidar o material).
- Na rúa (respectar semáforos, coidar o espazo público).
- E tamén en todo o país, recollidas nas leis.

As leis

As leis son normas que aproban as persoas que nos representan, e serven para garantir a xustiza, a seguridade e a igualdade.

En España, a lei máis importante é a **Constitución Española**, que recolle os dereitos e deberes de todos os cidadáns.

Tamén temos o **Estatuto de Autonomía de Galicia**, que regula as normas específicas da nosa comunidade.

Estas leis son aprobadas por persoas elixidas democraticamente, é dicir, por votación, un dereito fundamental da cidadanía.

Na nosa aula...

Nós tamén somos unha pequena sociedade.

Por iso, durante esta unidade, organizaremos un Pleno Constituínte, no que cada grupo presentará as súas propostas de normas e dereitos para incluír na nosa Constitución da Aula de 6º.

Cada proposta deberá:

1. Ser xusta e razoable.
2. Estar ben redactada e argumentada.
3. Explicar por que é importante para mellorar a convivencia.

Ao final, votaremos entre todos as que quedarán aprobadas.

Reflexión:

- Por que é importante que todos participemos na creación das normas?
- Que pode pasar se alguén non cumpre coas leis comúns?
- Cres que é xusto que quen non respecte as normas da aula perda certos dereitos (como excursións ou privilexios)?

Actividade:

Elabora, co teu grupo, unha proposta de lei para mellorar a convivencia na aula.

Escribide o texto da norma, a súa xustificación e un nome para o “artigo” (por exemplo, Artigo 5: Respetar as quendas de palabra).

Logo presentarédea no Pleno Constituínte.

FICHA PARA REDACTAR A TÚA LEI

Título da lei:

(Pon un nome breve e claro, por exemplo: “Lei do respecto nas quendas de palabra”)

Artigo nº ____ : _____

(Escribe aquí a túa proposta de norma)

Descrición:

(Explica en que consiste esta lei. Que regula? Que comportamento queremos mellorar?)

Por que é importante?

(Xustifica a túa proposta. Que pasaría se non existise esta norma? Que beneficios terá para o grupo?)

A quen afecta?

- ☐ A toda a clase
- ☐ Só a determinados grupos ou situacións
- ☐ Á convivencia en xeral

Que ocorre se non se cumpre?

(Indica unha consecuencia ou medida reparadora xusta e proporcional. Podes empregar as prácticas restaurativas: “Se rompo esta norma, podo reparalo facendo...”).

Asinado por:

(Nome dos/as autores/as da proposta de lei)

Revisión antes de entregar:

Está redactada con claridade.

É xusta e beneficia a todos.

Está escrita con respecto e sen palabras discriminatorias.

Propón unha consecuencia razoable.

4. Como se organiza o noso país

Vivimos nun país chamado **España**, que é un **Estado democrático**.

Isto significa que todas as persoas temos dereitos e deberes, e que as leis son creadas por representantes que eliximos mediante o voto.

Para poder funcionar ben e atender as necesidades de todos os cidadáns, o Estado está organizado en varios niveis de goberno, dende os máis próximos (como o concello) ata os máis amplos (como a Unión Europea).

Cada nivel ten unhas institucións que toman decisións sobre diferentes temas.

1. O Concello

É o nivel máis próximo a nós.



O **alcalde ou alcaldesa** e os concelleiros/as toman decisións sobre a limpeza das rúas, o coidado dos parques, o transporte público ou as festas locais.

O concello preocúpase polo benestar da veciñanza e polo coidado da nosa contorna.



2. Galicia: a Comunidade Autónoma

A nosa comunidade ten leis e institucións propias.

O **Parlamento de Galicia** aproba normas e controla ao Goberno galego, que se chama **Xunta de Galicia**.

Desde Santiago de Compostela decídense temas tan importantes como a educación, a sanidade, a cultura ou a protección do medio ambiente.

3. O Estado Español

O goberno de todo o país está en Madrid.

Aquí encóntanse as Cortes Xerais, formadas polo **Congreso dos Deputados** e o **Senado**, que fan as leis.

O **Goberno de España**, dirixido polo Presidente ou Presidenta, aplícaas.

Tamén hai **xuíces e tribunais** que se encargan de que todos cumpramos esas leis.

España está organizada en tres poderes que traballan por separado para garantir a xustiza e evitar abusos:



Poder	Que fai	Institución principal
Lexislativo	Fai as leis	Congreso e Senado
Executivo	Aplica as leis	Goberno de España
Xudicial	Fai cumprir as leis	Xuíces e tribunais

4. A Unión Europea

España forma parte da Unión Europea, un grupo de países que traballan xuntos para mellorar a vida da cidadanía.

En Bruxelas encóntanse institucións como o **Parlamento Europeo**, que aproba normas comúns sobre o medio ambiente, o comercio, os dereitos das persoas e moitos outros temas.

Grazas á UE podemos viaxar, estudar e traballar noutros países europeos.

En resumo

Podemos dicir que vivimos nun país onde as decisións se toman entre todos, dende o noso concello ata Europa.

Cada nivel ten as súas funcións e todos son necesarios para manter o benestar, a igualdade e a convivencia.



NOVO GOBERNO GALEGO



Alfonso Rueda Valenzuela
PRESIDENTE DA
XUNTA DE GALICIA



Diego Calvo Pouso
CONCELLEIRO DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA
E DEPORTES



Ángeles Vázquez Mejuto
CONCELLEIRA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO



Román Rodríguez González
CONCELLEIRO DE
EDUCACIÓN, CIENCIA,
UNIVERSIDADES E FP



Fabiola García Martínez
CONCELLEIRA DE
POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE



Mª Jesús Lorenzana Somoza
CONCELLEIRA DE
ECONOMÍA E
INDUSTRIA



Miguel Corgos López-Prado
CONCELLEIRO DE FACENDA
E ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA



María Martínez Allegue
CONCELLEIRA DE VIVENDA E
PLANIFICACIÓN DE
INFRAESTRUTURAS



Antonio Gómez Caamaño
CONCELLEIRO DE
SANIDADE



José López Campos
CONCELLEIRO DE
CULTURA, LINGUA E
XUVENTUDE



José González Vázquez
CONCELLEIRO DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



Mª José Gómez Rodríguez
CONCELLEIRA DO
MEDIO RURAL



Alfonso Villares Bermúdez
CONCELLEIRO
DO MAR

 **XUNTA**
DE GALICIA



XV LEGISLATURA COMPOSICIÓN DEL GOBIERNO DE ESPAÑA



Mª Jesús Montero
Vicepresidenta primera y
Min. de Hacienda



Yolanda Díaz
Vicepresidenta segunda y
Min. de Trabajo
y Economía Social



Sara Aagesen
Vicepresidenta tercera y
Min. para la Transición Ecológica
y el Reto Demográfico



José Manuel Albares
Min. de Asuntos Exteriores,
Unión Europea
y Cooperación



Félix Bolaños
Min. de la Presidencia,
Justicia y Relaciones
con las Cortes



Margarita Robles
Min. de Defensa



Fernando Grande-Marlaska
Min. del Interior



Óscar Puente
Min. de Transportes
y Movilidad Sostenible



Pilar Alegria
Min. de Educación,
FP y Deportes,
portavoz del Gobierno



Jordi Hereu
Min. de Industria
y Turismo



Luis Planas
Min. de Agricultura,
Pesca y Alimentación



Ángel Víctor Torres
Min. de Política Territorial
y Memoria Democrática



Isabel Rodríguez
Min. de Vivienda
y Agenda Urbana



Ernest Urtasun
Min. de Cultura



Carlos Cuerpo
Min. de Economía,
Comercio y Empresa



Mónica García
Min. de Sanidad



Pablo Bustinduy
Min. de Derechos Sociales,
Consumo y Agenda 2030



Diana Morant
Min. de Ciencia,
Innovación
y Universidades



Ana Redondo
Min. de Igualdad



Elma Saiz
Min. de Inclusión,
Seguridad Social
y Migraciones



Óscar López
Min. para la Transformación
Digital y de la
Función Pública



Sira Rego
Min. de Juventud
e Infancia

Actividade: “O mapa da organización do Estado” (na libreta)

1. Crea un esquema ou mapa mental co título “Así se organiza o Estado español”.

2. No centro coloca a palabra Estado e a partir dela debuxa catro ramas:

- Concello
- Galicia
- España
- Unión Europea

3. En cada rama escribe:

- As institucións máis importantes.
- Un exemplo do que fan.
- Un símbolo ou debuxo que as represente (bandeira, escudo, edificio...).

O teu mapa servirá como resumo visual para estudar e entender mellor como se organiza o noso país.

5. Actividade especial: O Pleno Infantil – Os dereitos da infancia na contorna dixital

Que é un pleno municipal?

O **pleno** é a reunión oficial do Concello, onde o alcalde ou alcaldesa e os concelleiros/as se xuntan para tomar decisións importantes sobre a vila: aprobar normas, orzamentos ou proxectos para mellorar a vida das persoas.

Un **pleno infantil** é unha oportunidade para que os nenos e nenas tamén poidan participar, propoñendo ideas e opinións sobre temas que lles afectan directamente.

Así aprenden a ser cidadáns activos e a practicar a democracia.

Os dereitos da infancia

Todas as persoas menores de 18 anos teñen dereitos recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989).

Alguns dereitos básicos son:

- Dereito á vida, á saúde e á educación.
- Dereito á igualdade e a ser escoitado/a.
- Dereito ao xogo, á cultura e á información.
- Dereito á protección fronte á violencia e ao abuso.

Estes dereitos tamén deben cumprirse no mundo dixital, onde pasamos moito tempo xogando, falando e aprendendo.

Que é un pleno municipal?

O **pleno municipal** é a reunión na que o alcalde ou alcaldesa e os concelleiros/as se xuntan para tomar decisións sobre a vida do concello: as normas, os orzamentos, os servizos, os proxectos de mellora...

No Pleno Infantil, os nenos e nenas tamén teñen voz.

Este ano o tema é: “**Os dereitos da infancia na contorna dixital.**”

Cada colexio enviará a dous representantes da escola e alí leerán a súa idea diante da alcaldesa.

Paso 1: Comprendemos o tema

Antes de escribir, debemos entender de que falamos.

Lemos información sobre os dereitos da infancia dixital e reflexionamos:

Dereitos principais:

Privacidade → Ninguén pode usar nin compartir os nosos datos sen permiso.

Seguridade → Debemos sentirnos protexidos en Internet.

Descanso → Temos dereito a desconectar das pantallas.

Igualdade → Todos debemos ser tratados con respecto.

Participación → Podemos opinar tamén no mundo dixital.

Información → Merecemos saber a verdade e evitar as noticias falsas.

Paso 2: Pensamos a nosa proposta

Cada alumno/a debe escribir unha **proposta** para o Concello de Moaña, explicando **como se poderían protexer mellor os dereitos dos nenos e nenas en Internet**.

A proposta pode referirse a:

- O uso responsable das redes sociais.
- A seguridade e privacidade en Internet.
- O tempo de uso das pantallas.
- A igualdade e o respecto nas redes.
- Actividades educativas ou campañas para nenos, familias e profes.

ACTIVIDADE: Escribo a miña proposta para o Pleno Infantil

Que vou facer?

Vas escribir un **texto breve** (entre 10 e 15 liñas) para ler diante da alcaldesa no Pleno Infantil de Moaña.

A mellor proposta da aula será seleccionada para representar ao noso colexio.

Como redactar a túa proposta

Podes seguir esta estrutura para guiarte:

1. TÍTULO

Un título claro e atractivo que resuma a túa idea.

Exemplo:

- “Internet con corazón”
- “Unha vila conectada e segura”
- “Todos e todas na rede con respecto”

2. PRESENTACIÓN

Comeza saudando e explicando por que escribes:

“Bo día, son (nome), alumna/o de 5º de Primaria do CEIP Abelendo.

Quero falar sobre os dereitos dos nenos e nenas en Internet e facer unha proposta para mellorar a nosa vida dixital.”

3. PROBLEMA

Describe o que cres que é un problema na contorna dixital:

“Moitas veces en Internet hai burlas, insultos ou mentiras que fan dano.”

“Algunhas persoas pasan demasiado tempo co móbil e esquecen descansar.”

4. PROPOSTA

Explica a túa idea para mellorar a situación, indicando quen podería axudar:

“Propoño que o Concello organice obradoiros para nenos e familias sobre o uso seguro de Internet.”

“Poderíamos crear un espazo en liña con xogos e contos sobre o respecto nas redes.”

“Sería boa idea poñer carteis nos colexios coas normas básicas de seguridade dixital.”

5. PECHE

Remata agradecendo e lembrando a importancia de ser cidadáns dixitais responsables:

“Grazas por escoitarme. Todos e todas temos dereito a usar Internet con liberdade, pero tamén coa responsabilidade de coidar e respectar aos demais.”

Actividades de apoio

Tormenta de ideas

En grupos, elaborade unha lista de problemas e posibles solucións sobre o uso de Internet.

Logo, cada un elixe unha idea para desenvolver na súa proposta individual.

Revisión cooperativa


Lede as vosas propostas por parellas e axudádevos a mellorar:

- Ten un título e unha introdución?
- Explica o problema e a solución?
- Está escrita con claridade e respecto?

Exposición oral

Cada alumno/a lerá a súa proposta diante da clase.

Despois farase unha votación secreta para elixir a proposta que representará ao colexio no Pleno Infantil de Moaña.



6. A convivencia e os conflitos

Convivir significa vivir xuntos e compartir espazos, tempos e experiencias.

Non sempre é doado, porque todas as persoas temos opinións, intereses e emocións diferentes.

Por iso, é normal que ás veces xurdan conflitos.

O importante non é evitalos por completo, senón aprender a xestionalos con respecto e empatía.

Que é un conflito?

Un conflito é unha situación na que dúas ou máis persoas teñen puntos de vista distintos e non chegan a un acordo.

Pode aparecer por algo pequeno (un malentendido, unha broma mal interpretada...) ou por algo máis serio (faltas de respecto, exclusión, insultos...).

Non todos os conflitos son negativos: se se resollen ben, poden axudarnos a coñecer mellor aos demais e a nós mesmos, e fortalecer as relacións do grupo.

Como resolvelos?

Na nosa aula queremos aprender a resolver os conflitos falando, sen gritos, burlas nin violencia.

Para iso, imos empregar as prácticas restaurativas, que se basean en tres ideas clave:

1. **Escoitar con empatía:** cada persoa ten dereito a explicar o que pasou e como se sente.
2. **Asumir a responsabilidade:** se nos equivocamos, pedimos perdón e buscamos solucións.
3. **Reparar o dano:** pensar en que podemos facer para mellorar e recuperar a confianza.

FICHA DE ROLE PLAYING

"Aprendemos a resolver conflitos"

Nome do grupo: _____

Integrantes: _____

1. Descrición da situación

Explicade brevemente o conflito que imos representar:

Exemplo: Dous compañeiros discuten porque un non lle deixa usar o material do grupo.

2. Personaxes e guión breve

Personaxe Que fai / Que di

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

3. Desenvolvemento da escena

Escena 1: O conflito

Escena 2: A resolución positiva

Lembrede empregar linguaxe respectuosa e buscar unha solución xusta e pacífica.

4. Despois da representación

Como nos sentimos representando esta escena?

Que aprendemos sobre resolver conflitos?

Que cousas podemos facer a partir de agora para convivir mellor?

7. A nosa Constitución de Aula

Despois de reflexionar sobre a convivencia, a igualdade, os dereitos e os deberes, chegou o momento de crear a nosa propia Constitución de Aula.

Será o documento máis importante do curso, porque recollerá as normas, os valores e os compromisos que todos e todas acordamos cumprir.

Esta Constitución non a redactará unha soa persoa, senón todo o grupo, como nun verdadeiro proceso democrático.

Cada voz conta, e todas as propostas son valiosas.

Como o faremos?

1. Fase de propostas

En pequenos grupos, redactaredes propostas de artigos para incluír na nosa Constitución.

Poden tratar sobre:

- O respecto e a convivencia.
- O coidado dos espazos comúns.
- A resolución dos conflitos.
- O uso das tecnoloxías.
- As responsabilidades na aula.

2. Fase de debate

Reunirémonos nun pleno constituínte onde cada grupo defenderá as súas propostas.

O resto da clase poderá facer preguntas, suxestións ou modificacións.

Practicaremos así o diálogo e a argumentación respectuosa.

3. Fase de votación e aprobación

Votaremos as normas unha por unha e escolleremos as que formarán parte da Constitución de 6º.

Cada artigo aprobado quedará rexistrado e asinado por todos os membros da clase.

8. Como se vai avaliar esta unidade

Que imos avaliar

- Se comprendes como se organiza o Estado español e as funcións de cada nivel de goberno (concello, comunidade, Estado e Unión Europea).
- Se sabes explicar dereitos, deberes e valores democráticos.
- Se identificas situacións de desigualdade e propós formas de mellorar a convivencia.
- Se empregas unha linguaxe respectuosa, inclusiva e non violenta.
- Se es capaz de escoitar, dialogar e resolver conflitos de forma pacífica.

En que consiste a proba

A proba escrita incluírá varios tipos de exercicios:

1. Preguntas curtas:

- Quen aproba as leis en España?
- Que función ten o concello?
- Que é a igualdade de xénero?

2. Relacionar columnas: institución → función correspondente.

3. Verdadeiro ou falso sobre normas de convivencia e dereitos.

4. Unha pregunta de reflexión:

- “Como axuda a Constitución de aula a mellorar a convivencia?”

Como podo preparala

1. Le o dossier con calma, repasando cada apartado.

2. Fai o teu propio resumo ou mapa mental sobre a organización do Estado.

3. Lembra as actividades de grupo (role playing, mural da igualdade, constitución de aula...).

4. Repasa o vocabulario clave: cidadanía, igualdade, dereito, deber, convivencia, democracia,

diálogo...

5. Fai o miniquiz de repaso en Quizziz que estará na aula virtual (ou na clase, se o facemos en grupo).

Lembra

A avaliación non é só o exame.

Tamén se terá en conta a túa actitude, a participación nas actividades, o traballo en grupo e o esforzo por mellorar a convivencia.